

NOVAS DE PRENSA

ANO 2005

ARQUIVO DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE PONTEVEDRA

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental intensifica actuacións de asistencia técnica permanente en materia de patrimonio documental

Espérase poder seguir coa información e difusión do patrimonio documental da provincia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 26 XANEIRO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental acaba de intensificar as súas actuacións de asistencia técnica permanente en materia de patrimonio documental no seu ámbito xeográfico de incidencia, grazas á recente contratación dun grupo de seis licenciados e tres auxiliares administrativos que complementan a estrutura estable da que se dispón e permite desenvolver un variado conxunto de actuacións previstas para o presente ano.

Entre estas actuacións destaca, de forma prioritaria e inminente, rematar a organización da documentación conservada na Cámara Agraria Provincial, integrada por varios fondos diferentes, que permitirán pór en valor un patrimonio con dificultades de conservación e uso.

O núcleo das actuacións contemplará procesos de reincorporación e actualización documental nos concellos da provincia que o teñan solicitado e nos que xa transcorrera un tempo dende a anterior actuación, de tal xeito que se espera conseguir no remate do ano que non quede arquivo municipal sen actuación directa máis alá do ano 2003.

Para isto acometeranse actuacións inminentes neste senso nos arquivos municipais de Forcarei e Portas, non actualizados dende 1998; nos de Moraña e Cotobade, con actuacións anteriores ó ano 2000. Tamén nos de Arbo, Pazos de Borbén, A Cañiza, Nigrán, Caldas de Reis, actualizados no ano 2001. E, por último, algúns organizados no ano 2002, pero que teñen cursada oportuna solicitude, como é o caso de Vilanova de Arousa, Salvaterra de Miño, Salceda de Caselas, As Neves e Vila de Cruces.

Xunto con estas actuacións directas espérase poder acometer no presente ano os procesos de actualización, adaptación ó novo cadre de clasificación e informatización dos instrumentos de descripción nos arquivos municipais de Tui, Cangas de Morrazo e Soutomaior, tres dos catro que aínda quedan sen completar este proceso por diferentes problemáticas.

Continuarase desenvolvendo a asistencia requirida polos concellos que con medios propios en diferentes formulacións, desenvolven estes procesos, tal e como sucede nos casos de Vilaboa, Sanxenxo, Lalín, Fornelos de Montes ou A Illa de Arousa.

Por último espérase poder seguir as actuacións de información e difusión do patrimonio documental da provincia na procura da súa conservación, protección, uso e aproveitamento, continuando coa posta na rede do maior volume de información posible, a través da páxina web (Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico), coa continuidade da colección "Patrimonio documental da provincia de Pontevedra" mediante a inminente publicación dos inventarios do arquivo municipal de Bueu e do da Cámara Agraria Provincial, así como coa edición informatizada e impresa dunha moi necesaria Guía do patrimonio documental da provincia de Pontevedra, que inclúa a información a nivel de fondo do patrimonio conservado nos diferentes centros existentes nesta provincia, tanto dependentes da administración central, autonómica, local ou institucional, así como centros eclesiásticos, de institucións ou privados.

IV Plan de Desinfectación, Desinsectación e Desratización para arquivos municipais

Este ano actuarase inicialmente nun total de 42 arquivos municipais, ampliables se fora necesario.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 XANEIRO 2005

Ponse de novo en marcha, por cuarto ano consecutivo, o Plan de Desinfectación, Desinsectación e Desratización, coordinado polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental, específico para aqueles locais que veñen cumprindo a función de depósitos documentais (arquivos) nos diferentes concellos da provincia.

Téntase con esta actuación contribuír cun paso máis á paralización do proceso dexenerativo dos fondos documentais, a engadir ós xa dados polos propios concellos na mellora de locais, instalacións e equipamentos e as actuacións de organización e descripción da documentación conservada.

Con isto dáse continuidade a esta actuación preventiva e terapéutica contra insectos, roedores e parásitos que afectan en gran número á integridade e estabilidade dos compoñentes materiais dos documentos, que complementa os habituals controis de nivel de humidade conseguidos, especialmente pola xeneralizada instalación de deshumidificadores .

O custo deste Plan será con cargo integral ó orzamento do Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación Provincial, cunha previsión orzamentaria próxima os 12.000 €. Foille adxudicada, o mesmo ca en anos anteriores, a unha empresa.

Incluirá dous servizos completos de desinfectación, desratización e desinsectación para desenvolver en datas a concretar coa empresa, inicialmente entre o 1 de xuño e o 30 de setembro, coa particularidade previsible do selado necesario dos locais nos que se actúe por un período de corenta e oito horas en cada actuación, con produtos debidamente controlados e coas oportunas autorizacións sanitarias.

Actuarase inicialmente este ano nun total de 42 arquivos municipais: Arbo, Baiona, Barro, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, A Cañiza, Catoira, Cerdedo, Cotobade, Covelo, Cuntis, Dozón, Forcarei, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Lama, Meaño, Meis, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Pontecesures, Portas, Ribadumia, O Rosal, Sanxenxo, Salvaterra de Miño, Silleda, Tomiño, Valga, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico dinamizará a sección de Audiovisuais para dispor dun completo fondo de gravacións sonoras de Galicia

Preténdese reunir toda a discografía galega posíbel editada ou non.

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 02 FEBREIRO 2005

Dende a invención dos gravadores e reprodutores de imaxe e son a finais do s. XIX, cada día que pasa asistimos a irrecuperabeis perdidas de material audiovisual importantísimo para o coñecemento de toda as culturas e etnias do mundo que foron gravadas na última centuria. Hoxe en dia, tanto os discos e as fotografías coma as películas e videogravacións, son ferramentas imprescindibes para conservar o noso patrimonio cultural no tempo. A través das gravacións os galegos mostrámoslle ao resto do mundo os nosos rasgos identitarios reafirmándonos como un pobo cunha cultura ben diferenciada.

Por ende, entendemos as gravacións como documentos de vital importancia para a cultura dos pobos xa que, ademais de cumplir a súa función principal divulgando o contido, supoñen sempre unha achega ao pasado, o que nos permite entender o presente podendo así prever e construír o noso futuro.

Partindo destas premisas, sendo conscientes e especialmente sensibles ante a necesidade e a urgencia de reunir canto antes este tipo de materiais para a súa conservación, en 2003 o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra pon en marcha a sección de Audiovisuais, coa finalidade de formar, clasificar e difundir un fondo dividido en tres áreas: Imaxe fixa, Gravacións sonoras e Audiovisuais.

A catalogación e clasificación do material audiovisual en xeral vese cuberta nas bibliotecas públicas do Estado, fonotecas, etc..., mais a diferenza entre estas e a iniciativa deste Servizo é a súa especificidade, centrando e dirixindo os seus esforzos únicamente no material audiovisual galego. Neste senso, esta tampouco é a única iniciativa existente en Galicia a día de hoxe, xa que nista mesma dirección traballan dende 1991 o Centro Galego de Artes da Imaxe e dende o ano seguinte o A.S.G. do Consello de Cultura de Galicia, mais inda así, a tarefa deste Servizo segue a ser necesaria para sumar información e lograr entre todas as institucións a conservación do noso acervo e patrimonio cultural.

Respecto ás gravacións sonoras o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra logrou reunir polo de agora ó redor de 1.000 rexistros a través de: doazón, compra ou copia do material. Este fondo está composto por discos de 78 r.p.m. e vinilo, casetes, CDs e gravacións en cintas magnetofónicas con contidos tanto musicais coma de actividades diversas (conferencias, actuacións, Plenos...). Entre as doazóns e colaboracións de intercambio podemos destacar: o Consello Arxentino de Cultura Galega, o Consello de Cultura Galega, El Correo Gallego e a Real Banda de Gaitas da Deputación de Ourense.

Para potenciar esta iniciativa, a finais de 2004 este Servizo contratou a un especialista en música galega co fin de localizar e adquirir o maior número de gravacións galegas posibles, así como para iniciar relacións de colaboración con outras entidades e institucións con iniciativas semellantes. Ó acabar o 2005 espérase dobrar a cantidade de rexistros como mínimo.

A finalidade última do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico en canto ás gravacións sonoras se refire é a cuantificación, catalogación e clasificación da discografía galega editada e inédita en todos os soportes, así como de todas as épocas e estilos. Unha vez organizado o material, porase toda a información recabada ao alcance do cidadán, por unha banda a través de internet, e por outra nas propias dependencias do Servizo.

A colaboración entre o Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico e a Cámara Agraria Provincial permite a dixitalización das fotografías aéreas conservadas no seu arquivo

Representan un conxunto de fotografía verticais que amosan a realidade da provincia de Pontevedra trinta e cinco anos atrás

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
04 FEBREIRO 2005

O proceso de organización e descripción dos fondos documentais da Cámara Agraria Provincial, ademais de favorecer a súa conservación, permitiu chegar ó coñecemento da súa realidade e, así coñecermos a existencia, entre outros documentos de interese, dun completo fondo fotográfico, resultante do voo fotogramético da provincia de Pontevedra realizado no ano 1969, elaborado mediante trinta e cinco pasadas que recollen a totalidade do territorio provincial. Fora executado no seu día con cargo ó Servizo Xeográfico do Exército, dependente do Estado Maior Central.

Representan un completo conxunto de fotografía verticais, disposto hoxe no arquivo en cinco unidades de instalación, integrado por case que mil duascentas unidades fotográficas en papel, cunhas medidas individualizadas nunha escala 1:20.000, que amosan a realidade da provincia de Pontevedra trinta e cinco anos atrás, sendo polo tanto un referente informativo importante, testemuño de evolucións, actuacións e realidades cambiantes.

Froito da colaboración entre o Servizo do Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación Provincial e a propia Cámara Agraria Provincial establecese un acordo para a posibilidade da súa reprodución, manténdose o orixinal no propio arquivo.

Téntase con isto completar os fondos e, consecuentemente, a información dispoñible da cartoteca do antedito Servizo, que entre os seu fondos só dispúña de fotos aéreas dispersas, anteriores a 1985; con esta incorporación compleméntanse as xa existentes, na procura de mellora do seu servizo informativo a ciudadáns e institucións.

Co fin de desenvolver tecnicamente este proxecto acaba de contratarse unha empresa especializada para a dixitalización do conxunto fotográfico, cun custo estimado próximo ós 3.000 euros; este proceso permitirá dispor do conxunto fotográfico retocado e mellorado na súa calidade, almacenado en soporte DVD, dispondo dun navegador específico para o seu manexo e con amplas posibilidade de manipulación, incluíndo a súa ampliación e mobilidade no momento da consulta, así como unha copia en papel de cada unha delas.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Cartoteca provincial incrementará os seus fondos con novas adquisicións

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
17 FEBREIRO 2005

O fondo cartográfico da Cartoteca abarca, desde o punto de vista xeográfico, a provincia de Pontevedra e configúrase como unha sección esencial de apoio á vida cultural de toda a comunidade galega en xeral, e da provincia de Pontevedra en particular, achegando, conservando e difundindo todos aqueles recursos cartográficos do seu fondo. Igualmente constitúe un punto de enlace con aqueles outros recursos cartográficos alleos ós propios fondos.

O valor informativo que a documentación cartográfica ten como sinal de identidade dun pobo fai necesario levar a cabo unha adecuada e continuada selección e adquisición de material cartográfico, feito polo que a sección de documentación cartográfica da Biblioteca do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico está a completar os seus fondos neste intre coa adquisición de fotografías aéreas oblicuas e verticais dos diferentes concellos da provincia de Pontevedra en diferentes soportes: CD ROM a 30 MB, diapositiva tamaño 6 x 7 cm e contacto tamaño 20 x 25 cm realizadas entre os anos 1960 e 2004, adquisición que permitirá por unha banda o crecemento do seu fondo e, por outra, ser un referente no material cartográfico especializado na provincia de Pontevedra. Esta adquisición suporá un incremento do fondo en 1.000 fotografías aéreas.

A Cartoteca provincial continuou o seu proceso de consolidación como servizo a toda a comunidade galega, sendo o seu maior obxectivo a mellora do seu nivel de calidade.

Ten un difícil labor no contexto público, por unha parte, ofrécelle un servizo altamente especializado ó investigador e, por outra, constitúe un lugar central como servizo verdadeiramente público, para a propia institución, os concellos e toda a sociedade en xeral. Combinar con eficacia todas as tarefas implica un grande esforzo e altas exixencias de calidade.

Estamos a facer chegar información sobre os nosos servizos a todos os cidadáns mediante a interrelación e a comunicación cos axentes sociais, culturais, políticos, económicos e cos medios de comunicación prestando apoio á vida cultural da comunidade, ofrecendo información especializada sobre o territorio no ámbito cartográfico, á vez que os usuarios acceden sen distancias nin horarios a través da cartoteca virtual: servizos virtuais.

Debemos proponer de cara ó futuro o mantemento e a consolidación da Cartoteca provincial como unha das seccións con papel fundamental na sociedade. Encarar o futuro, como unha continuación deste modelo que estamos a desenvolver para lle facer accesible á sociedade unha sección especializada dende o punto de vista xeográfico no ámbito local, como resposta a unha demanda social do momento, cunha potencialidade para ofrecer novos deseños de servizos que dean resposta ás novas necesidades dos cidadáns como factor da transformación cara a unha nova sociedade do coñecemento.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Persoal contratado pola Deputación actualiza o arquivo municipal de Salvaterra de Miño

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.197 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
17 FEBREIRO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal logo da súa instalación nunhas axeitadas instalacións na planta superior da nova casa do concello.

O arquivo actual dispón, nunha superficie de noventa metros cadrados, dos equipamentos requiridos para a conservación documental nas mellores condicións, con estantes metálicos, ficheiro, mesas de tratamiento e consulta, ventilación e iluminación suficiente, e mais sistemas de regulación de temperatura e humidade ambiental.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Salvaterra de Miño, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nela procedeuse á incorporación de 367 novas unidades de instalación, o que supón cerca de cincuenta metros lineais de documentación, moita dela transferida debido ó traslado ó novo edificio.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de tres actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, coincidindo coa súa instalación na nova casa do concello.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 2.197 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2004, e cunha base de datos formada por 17.332 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación segue a colaborar na difusión do noso patrimonio documental

Pode consultarse a Guía do Patrimonio Documental da Provincia de Pontevedra, nun novo esforzo de achegamento da nosa realidade documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
25 FEBREIRO 2005

Esta páxina web acolle e ofrécelles un novo servizo de información ás administracións, cidadáns e investigadores en particular coa posta en activo da Guía do Patrimonio Documental da Provincia de Pontevedra, grazas ó interese e actividade da maior parte dos centros e profesionais afectados.

Achégase información sobre a documentación conservada no Arquivo Histórico Provincial, centro receptor final da documentación xerada pola administración central, autonómica e institucional; nos arquivos da administración local (deputación, concellos, entidades locais menores e mancomunidades); nos xulgados de paz, nos arquivos eclesiásticos e noutros organismos e institucións de ámbitos diversos (Museo de Pontevedra, Fundación Penzol, Cámara Agraria, Autoridade Portuaria de Marín...).

Neste documento presentase, baixo unha estrutura común e normalizada, de acordo con criterios internacionais de harmonización de datos, baseados na descripción dun primeiro nivel informativo, o de fondo ou colección documental, que fai accesible unha información xenérica, non só de cada centro, senón dos respectivos fondos que cada arquivo ou centro documental contén, coa intención final de favorecer o coñecemento real do patrimonio documental conservado, estimulando o seu uso e a súa conservación.

Este estimulante proxecto resulta dun inevitable traballo anterior en procesos de organización e descripción que pon de relevo o esforzo desenvolto nos pasados anos e décadas por institucións e profesionais na procura dunha organización e instalación axeitadas. Tamén, por qué non, amosa as carencias que ainda se atopan e as perdidas ocorridas... en todo caso reflicten a realidade documental e permiten a situación daqueles fondos que nun momento dado poidan ser de interese.

Téntase con esta Guía ter unha vocación de permanente actualización utilizando os medios técnicos dispoñibles, así como, nun futuro inmediato, editar unha publicación que permita difundir estes datos e darllos a coñecer ó conxunto da sociedade.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Novidades editoriais do Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 28 FEBREIRO 2005

O mércores, 9 de marzo, ás 13:00 horas, terá lugar unha presentación conxunta de diversos libros que conforman as novidades editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Ó acto, que vai ter lugar no Pazo provincial, asistirán os responsables dos títulos, o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como o director do Servizo de Publicacións, Miguel Pereira Figueroa.

Presentaranse en primeiro lugar tres novas entregas da Colección Patrimonio Documental da provincia de Pontevedra, as referidas ós concellos de Ponteareas, Vilagarcía de Arousa e Illa de Arousa. O traballo realizado polo equipo técnico de arquivos municipais permitiu clasificar, inventariar e catalogar os fondos documentais dos tres concellos, continuando deste xeito unha serie iniciada no ano 1996 co ánimo de organizar, preservar e difundir o patrimonio documental da provincia.

A continuación mostrarse o último número dunha publicación periódica, a revista de novos investigadores *Pontenova*, un proxecto destinado a estimular e divulgar traballos de investigación entre a xente máis nova. Tamén se dará a coñecer o primeiro exemplar da *Revista de investigación en educación*, composta por traballos presentados pola Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra, co patrocinio da Deputación de Pontevedra, un novo espazo no que teñen cabida achegas científicas relevantes no campo da educación e da intervención educativa.

O mundo da arte estará igualmente representada no libro *Xulio Gil*, que recolle a obra do artista, referente fundamental para a comprensión da fotografía galega contemporánea. Así mesmo, José Manuel Vázquez Varela introducirános no campo da etnoarqueoloxía co título *Culturas distintas, tiempos diferentes y soluciones parecidas. Ensayos de etnoarqueología*.

Da Colección Natureza galega presentarase o libro *La camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra*. Coincidindo co último certame de exaltación desta flor, emblema das rías Baixas, publicase este inventario das variedades existentes en dous centros dependentes da Deputación pontevedresa, a Finca Areeiro e o parque botánico do Castelo de Soutomaior, ademais das plantadas nos xardíns que cercan o Pazo provincial.

Dentro desta mesma colección, *Natureza galega*, Federico de la Peña amosará o vídeo documental *Muiños tradicionais en Pontevedra*, no que reflicte o mundo dos muíños hidráulicos en uso e en estado de abandono ou ruína, un paseo polo mundo máxico dos enxeños da moenda.

En definitiva, daranse a coñecer nove títulos representativos das distintas coleccións que componen os fondos editoriais do Servizo de Publicacións, reflexo da tradicional disposición da Deputación en apoio ó mundo da natureza, arte ou educación, entre outros. Estes distintos espazos pretenden servir de estímulo á creación artística, ó estudio e ó labor investigador en xeral. O obxectivo final é o de información cidadá: a recuperación, promoción e divulgación dos valores culturais do pobo galego.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presenta o libro *Vagar de amor e sombra* de Xavier Seoane e a colección Tambo de poesía

O acto se celebrará mañá 2 de marzo nas instalacións de Caixa Galicia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
01 MARZO 2005

A Deputación de Pontevedra, a través do seu Servicio de Publicacións, presenta o libro *Vagar de amor e sombra* de Xavier Seoane e ademais dá a coñecer a Colección Tambo de poesía.

O acto contará coa participación de Xavier Seoane, Xulio López Valcárcel, Manuel Álvarez Torneiro e Luís Rei Núñez e terá lugar mañá mércores día 2 de marzo, ás 20.00 horas, na Aula Sociocultural de Caixa Galicia en A Coruña (rúa Médico Rodríguez).

Vagar de amor e sombra é un libro de poesía que recolle un conxunto de sonetos de ton marcadamente outonal.

O seu autor, Xavier Seoane, compaxina a poesía, o ensaio e mais a crítica de arte coa docencia, que exerce nun instituto da súa cidade natal: A Coruña.

A súa obra literaria inclúe libros en colaboración con Raúl Regueira, Manuel Ribas, Lino Braxe e Antón Patiño, ademais dos volumes de reflexión e pensamento *Identidade e convulsión*, *Reto ou rendición* e *O sol de Homero*, ós que hai que engadir unha incursión na narrativa: *Ábrelle a porta ao mar*.

Con todo, a súa vocación principal é a poesía, con títulos como *A caluga do paxaro* (1979), *Os bosques encendidos* (1981), *O canto da terra* (1987), *Umbral de vida* (1996), *Don do horizonte* (1999) e *Dársenas do ocaso* (2002), que o fixeron merecer, entre outros, os premios Cidade da Coruña, Esquío ou Caixanova, e que o converten nunha das voces de referencia da Xeración Poética dos 80.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.deponcevedra.es/>

O Servizo de Patrimonio Documental da Deputación remata o proceso de organización dos fondos que conserva a Cámara Agraria Provincial

O deputado delegado de Cultura José Juan Durán procederá á entrega, mañá xoves, ás 11.15 horas, na sede da Cámara Agraria, do resultado dos traballos desenvoltos no arquivo

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
02 MARZO 2005

Dentro das actuacións de conservación e protección do patrimonio documental provincial que desenvolve esta Deputación, acaba de rematarse o proceso de organización dos fondos que conservaba a Cámara Agraria Provincial de Pontevedra, derivados da súa xestión e das actuacións desenvoltas por sucesivos organismos (Irmandade Provincial, Cámara Oficial Sindical Agraria e Cámara Agraria Provincial).

No seu día considerouse prioritaria esta actuación ó confluíren unha serie de causalidades que facían necesario un labor de asistencia técnica e de asesoramento. Por un lado as condicións nas que se atopaba a documentación, con problemas serios de humidades e filtracións, denunciadas na prensa local o 15 de febreiro de 2003, que incluía a demanda de colaboración solicitada dende a propia Cámara Provincial para a súa conservación e tratamiento.

Por outro lado a petición de colaboración cursada dende a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta de Galicia e, especialmente, a consideración da importancia que cobraba este fondo, toda vez que coincidía coa noticia da destrución da práctica totalidade do patrimonio documental das irmadades e cámaras agrarias locais que foran no seu día centralizadas nun local de Ponte Caldelas (A Voz de Galicia de 30 de marzo de 2003).

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Unha nova actuación no arquivo municipal das Neves incorpora 277 unidades de instalación, con documentación dos últimos dous anos de xestión

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
02 MARZO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal das Neves, con 277 novas unidades de instalación e 31 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello das Neves, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1990 leváronse a cabo un total de seis actualizaciones, que foron incorporando a nova documentación producida e ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.887 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1764 e 2004, e con suficientes instrumentos de descripción para o seu manexo e consulta, entre os que destaca unha base de datos formada por 8.063 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello das Neves atópase instalado nun local habilitado no semisoto, con acceso dende a parte posterior da casa do concello, nunhas condicións que esperan seren melloradas en breve completando os seus equipamentos.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O deputado de Cultura e o Servizo de Patrimonio Documental da Deputación entréganlle ó presidente da Cámara Agraria o resultado da organización dos seus fondos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 03 MARZO 2005

O deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra, José Juan Durán; e o xefe do Servizo de Patrimonio Documental e Publicacións da institución provincial, Miguel Pereira, fixérónlle hoxe entrega ó presidente da Cámara Agraria de Pontevedra, Román Santalla, do resultado dos traballos de organización dos fondos documentais da entidade cameral que desenvolveu o persoal de Patrimonio Documental.

Dentro das actuacións de conservación e protección do patrimonio documental provincial que desenvolve esta Deputación, rematouse o proceso de organización dos fondos que conservaba a Cámara Agraria Provincial de Pontevedra, derivados da súa xestión e das actuacións desenvoltas por sucesivos organismos (Irmandade Provincial, Cámara Oficial Sindical Agraria e Cámara Agraria Provincial).

Segundo apuntan dende o Servizo de Patrimonio Documental, no seu día considerouse prioritaria esta actuación ó confluíren unha serie de causalidades que facían necesario un labor de asistencia técnica: por un lado, as condicións nas que se atopaba a documentación, con problemas serios de humidades e filtracións e que incluía a demanda de colaboración solicitada dende a propia Cámara para a súa conservación e tratamento.

Por outro lado, a Dirección Xeral do Patrimonio Cultural da Xunta tamén cursou unha petición de colaboración e, especialmente, "a consideración da importancia" que cobraba este fondo -toda vez que coincidía coa noticia da destrucción da práctica totalidade do patrimonio documental das irmandades e cámara agrarias locais que foran no seu día centralizadas nun local de **Ponte Caldelas**- motivou a organización dos fondos.

Para facer efectiva a organización dos fondos foi necesario artellar un cadro de clasificación específico, logo do recoñecemento documental, "xa que non se atopou información sobre unha experiencia similar no territorio nacional", manifestan dende o Servizo da Deputación. Así, elaborouse un cadro funcional, contando co asesoramento de investigadores e usuarios deste arquivo; ordenouse e instalouse debidamente o conxunto documental e procedeuse á elaboración dos instrumentos descriptivos, parte dos cales se presentan nesta publicación para o manexo e control dos fondos.

INTERESANTES ACHÁDEGOS DOCUMENTAIS

Unha vez finalizados os traballos, apréciase un elevado volume documental, que conserva con notoria continuidade a maior parte da produción xerada pola entidade. Son un total de **109 metros lineais de documentación**, dos que destacan, polo seu caudal informativo, as actas dos diferentes órganos de goberno, e, polo seu interese, o conxunto fotográfico do voo realizado no ano 1969, que recolle a totalidade da provincia e supón unha fonte gráfica de importancia, que reflicte as variables xeográficas resultantes da evolución urbana e económica.

Así mesmo, "a inculicable destrucción do patrimonio documental da maior parte das Irmandades locais fai deste fondo unha fonte necesaria", expresan dende o Departamento que dirixe Miguel Pereira, ó recoller copias das actas, dos seus orzamentos e das circulares, entre outros, destes organismos.

O resultado dos labores de organización da Deputación de Pontevedra dispón dos instrumentos descriptivos necesarios para a utilización dos fondos da Cámara Agraria Provincial: o cadro de clasificación, un inventario somero, que relaciona as **760 unidades de instalación** coa información das súas series e datas extremas; e, por último, un inventario detallado que describe en **2.626 rexistros** o conxunto de expedientes e documentos que componen o arquivo.

Por outra parte, a realidade documental mostrou que, xunto co fondo da Cámara Agraria Provincial, existían partes da documentación xerada no seu día polas irmandades e **cámaras agrarias de Pontevedra e Ponte Sampaio**, que compartiron instalacións nalgúns anos, e da de **Vilanova de Arousa**, en menor cantidade e por causa non descuberta. Todos eles recibiron o mesmo tratamento técnico, individualizando os seus fondos. Finalmente, levouse a cabo un sinxelo inventario das publicacións periódicas, anuarios, memorias e publicacións.

Presentación conxunta de novidades editoriais do Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 04 MARZO 2005

O mércores, 9 de marzo, ás 13:00 horas, terá lugar unha presentación conxunta de diversos libros que conforman as novidades editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Ó acto, que vai ter lugar no Pazo provincial, asistirán os responsables dos títulos, o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como o director do Servizo de Publicacións, Miguel Pereira Figueiroa.

Presentaranse en primeiro lugar tres novas entregas da Colección Patrimonio Documental da provincia de Pontevedra, as referidas ós concellos de Ponteareas, Vilagarcía de Arousa e Illa de Arousa. O traballo realizado polo equipo técnico de arquivos municipais permitiu clasificar, inventariar e catalogar os fondos documentais dos tres concellos, continuando deste xeito unha serie iniciada no ano 1996 co ánimo de organizar, preservar e difundir o patrimonio documental da provincia.

A continuación mostrarse o último número dunha publicación periódica, a revista de novos investigadores *Pontenova*, un proxecto destinado a estimular e divulgar traballos de investigación entre a xente más nova. Tamén se dará a coñecer o primeiro exemplar da *Revista de investigación en educación*, composta por traballos presentados pola Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra, co patrocinio da Deputación de Pontevedra, un novo espazo no que teñen cabida achegas científicas relevantes no campo da educación e da intervención educativa.

O mundo da arte estará igualmente representada no libro *Xulio Gil*, que recolle a obra do artista, referente fundamental para a comprensión da fotografía galega contemporánea. Así mesmo, José Manuel Vázquez Varela introducirános no campo da etnoarqueoloxía co título *Culturas distintas, tiempos diferentes y soluciones parecidas. Ensayos de etnoarqueología*.

Da Colección Natureza galega presentarase o libro *La camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra*. Coincidindo co último certame de exaltación desta flor, emblema das rías Baixas, publícase este inventario das variedades existentes en dous centros dependentes da Deputación pontevedresa, a Finca Areeiro e o parque botánico do Castelo de Soutomaior, ademais das plantadas nos xardíns que cercan o Pazo provincial.

Dentro desta mesma colección, Natureza galega, Federico de la Peña amosará o vídeo documental *Muiños tradicionais en Pontevedra*, no que reflicte o mundo dos muíños hidráulicos en uso e en estado de abandono ou ruína, un paseo polo mundo máxico dos enxeños da moenda.

En definitiva, daranse a coñecer nove títulos representativos das distintas coleccións que componen os fondos editoriais do Servizo de Publicacións, reflexo da tradicional disposición da Deputación en apoio ó mundo da natureza, arte ou educación, entre outros. Estes distintos espazos pretenden servir de estímulo á creación artística, ó estudio e ó labor investigador en xeral. O obxectivo final é o de información cidadá: a recuperación, promoción e divulgación dos valores culturais do pobo galego.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presentou oito títulos editados polo Servizo de Patrimonio Documental e Publicacións

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 09 MARZO 2005

O presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán; o deputado de Cultura, José Juan Duran; así como o director do Servizo de Publicacións do organismo provincial, Miguel Pereira, presidiron unha presentación conxunta de diversos libros que conforman as novidades editadas polo Servizo de Publicacións.

Así, déronse a coñecer, en primeiro lugar, tres novas entregas da Colección Patrimonio Documental da provincia de Pontevedra, as referidas ós concellos de Ponteareas, Vilagarcía de Arousa e Illa de Arousa. O traballo realizado polo equipo técnico de arquivos municipais permitiu clasificar, inventariar e catalogar os fondos documentais dos tres concellos, continuando deste xeito unha serie iniciada no ano 1996 co ánimo de organizar, preservar e difundir o patrimonio documental da provincia.

REVISTAS

A continuación, presentouse o último número da revista de novos investigadores Pontenova, un proxecto destinado a estimular e divulgar traballos de investigación entre a xente máis nova. Tamén se mostrou o primeiro exemplar da Revista de investigación en educación, composta por traballos presentados pola Facultade de Ciencias da Educación de Pontevedra, co patrocinio da Deputación de Pontevedra, un novo espazo no que teñen cabida achegas científicas relevantes no campo da educación e da intervención educativa.

O mundo da arte estivo igualmente representada no libro Xulio Gil, que recolle a obra do artista, referente fundamental para a comprensión da fotografía galega contemporánea. Así mesmo, José Manuel Vázquez Varela introducirános no campo da etnoarqueoloxía co título Culturas distintas, tiempos diferentes y soluciones parecidas. Ensayos de etnoarqueología.

COLECCIÓN NATUREZA GALEGA

Da Colección Natureza galega presentouse o libro La camelia en la colección de la Diputación de Pontevedra. Coincidindo co último certame de exaltación desta flor, emblema das rías Baixas, publicouse este inventario das variedades existentes en dous centros dependentes da Deputación pontevedresa, a Finca Areeiro e o parque botánico do Castelo de Soutomaior, ademais das plantadas nos xardíns que cercan o Pazo provincial.

Dentro desta mesma colección, Natureza galega, Federico de la Peña amosou o vídeo documental Muíños tradicionais en Pontevedra, no que reflicte o mundo dos muíños hidráulicos en uso e en estado de abandono ou ruína, un paseo polo mundo máxico dos enxeños da moenda.

ESTÍMULO Á CREACIÓN ARTÍSTICA

En definitiva, déronse a coñecer oito títulos representativos das distintas coleccións que componen os fondos editoriais do Servizo de Publicacións, "reflexo da tradicional disposición da Deputación en apoio ó mundo da natureza, arte ou educación, entre outros", segundo apuntan fontes do mesmo servizo.

"Estes distintos espazos pretenden servir de estímulo á creación artística, ó estudo e ó labor investigador en xeral. O obxectivo final é o de información cidadá: a recuperación, promoción e divulgación dos valores culturais do pobo galego", engaden as fontes anteriormente citadas.

Pazos de Borbén actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
15 MARZO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Pazos de Borbén, con 148 novas unidades de instalación e 18 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Pazos de Borbén, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de cinco actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.259 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1821 e 2005, e cunha base de datos formada por 9.157 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Pazos de Borbén atópase instalado no local habilitado na planta baixa da nova casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación actualiza o arquivo municipal de Vila de Cruces

Supón a continuidade dun proceso de asistencia técnica en materia de patrimonio documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
18 MARZO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Vila de Cruces, con cento corenta e oito novas unidades de instalación, que supoñen dezanove metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Vila de Cruces, respondendo á súa demanda, tras a cal se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1993, leváronse a acabo un total de seis actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.477 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1872 e 2005 e unha base de datos formada por 9.645 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Vila de Cruces atópase instalado nun local habilitado no soto da casa do concello, nun espazo habilitado para o efecto, logo do seu traslado dende a segunda planta.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

Convocatoria das VI Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 MARZO 2005

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, en colaboración coa Asociación de Xenealoxía Heráldica e Nobiliaria de Galicia, convoca as VI Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia. Estas desenvolveranse do 4 ó 9 de abril no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Pontevedra.

As ditas xornadas véñense realizando dende o ano 1989 co obxectivo de divulgar o patrimonio histórico e cultural galego. Nesta sexta convocatoria as conferencias versarán sobre a heráldica municipal, as novas liñas de investigación heráldica no século XXI, a orixe da nobreza na familia Rosendiana, a heráldica de Galicia, os fondos documentais do Museo provincial, a difusión do cuartelado en aspa na Galicia Atlántica e o escudo e a bandeira de Galicia.

A inauguración correrá a cargo do presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, e o acto será clausurado cun nomeamento dos socios de honra e unha visita á zona monumental.

As persoas interesadas na participación destas xornadas deberán poñerse en contacto co Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, a través do enderezo electrónico arquivo@deputacion.depontevedra.es e dos números de teléfono 986 844 604 e 986 844 363, ou directamente co presidente da Asociación de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia, Carlos Acuña Rubio, ó número de teléfono 649 620 324.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Convocatoria do IX curso sobre Conservación e Restauración de Documento e Obra gráfica en Soporte de Papel

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 MARZO 2005

Do 11 ó 15 de abril terá lugar o IX Curso sobre Conservación e Restauración de Documento e Obra gráfica en Soporte de Papel, que terá lugar na Escola de Restauración.

Este curso, organizado polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, en colaboración coa Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, impartirao a profesora Eva García Amador, restauradora do Arquivo do Reino de Galicia.

O obxectivo deste é aproximar a restauradores doutras especialidades, arquiveiros e técnicos á conservación preventiva e á restauración de documentos en papel, facilitando os coñecementos sobre a natureza do soporte, as súas características e necesidades.

O curso terá unha duración de 30 horas, repartidas entre teoría e práctica, e rematará cunha visita ó Arquivo do Reino de Galicia.

As persoas interesadas poderán ampliar información no Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, a través dos números de teléfono 986 844 604 e 986 844 363.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

VI Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia

Hoxe inaugúrase no salón de Plenos da Deputación Provincial de Pontevedra, ata o 9 de abril

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA

Patrimonio Documental e Bibliográfico

04 ABRIL 2005

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, en colaboración coa Asociación de Xenealoxía Heráldica e Nobiliaria de Galicia, convoca as VI Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia. Estas desenvolveranse do 4 ó 9 de abril no Salón de Plenos da Deputación Provincial de Pontevedra.

As ditas xornadas véñense realizando dende o ano 1989 co obxectivo de divulgar o patrimonio histórico e cultural galego. Nesta sexta convocatoria as conferencias versarán sobre a heráldica municipal, as novas liñas de investigación heráldica no século XXI, a orixe da nobreza na familia Rosendiana, a heráldica de Galicia, os fondos documentais do Museo provincial, a difusión do cuartelado en aspa na Galicia Atlántica e o escudo e a bandeira de Galicia.

A inauguración correrá a cargo do presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, e o acto será clausurado cun nomeamento dos socios de honra e unha visita á zona monumental.

Esta xornada desenvolverase de acordo co seguinte programa:

■ LUNS DÍA 4

- **17:30 horas** Cerimonia de apertura: Ilmo. Sr. Presidente da Deputación Provincial de Pontevedra, D. Rafael Louzán Abal
- **18:00 horas** Conferencia:
"Nuevas líneas de investigación heráldica en el siglo XXI"
D. Carlos Acuña Rubio

■ MARTES DÍA 5

- **17'30 horas** Lectura de comunicacíons
- **18'00 horas** Conferencia:
"Heráldica Municipal"
D. Eduardo Pardo de Guevara y Valdés

■ MÉRCORES DÍA 6

- **17'30 horas** Lectura de comunicacíons
- **18'00 horas** Conferencia:
"Origen de nobleza en la familia Rosendiana",
D. Eligio Rivas Quintas

Conferencia:
"Heráldica de Galicia"
D. Luis Valero de Bernabé y Martín de Eugenio

■ XOVES DÍA 7

- **17'30 horas** Lectura de comunicacíons
- **18,00 horas** Conferencia:
"Fondos Documentales del Museo Provincial"
Dª. María Jesús Fortes Alén

D

■ VENRES DÍA 8

- **17'30 horas** Lectura de comunicacóns
- **18'00 horas** Conferencia:
"La difusión del cuartelado en aspa en la Galicia Altántica"
D. Jaime Bugallal y Vela

■ SÁBADO DÍA 9

- **11'00 horas** Lectura de comunicacóns
- **11'30 horas** Conferencia:
"El escudo y la bandera de Galicia"
D. José Sánchez de la Rocha Táboas
- **13'00 horas** Entrega de diplomas de asistencia
Nomeamento de socios de honor: Faustino Menéndez Pidal de Navascués e D. José Sánchez de la Rocha Táboas
Clausura das VI Xornadas

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

IX curso sobre Conservación e Restauración de Documento e Obra gráfica en Soporte de Papel

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
06 ABRIL 2005

Do 11 ó 15 de abril terá lugar o IX Curso sobre Conservación e Restauración de Documento e Obra gráfica en Soporte de Papel, que terá lugar na Escola de Restauración.

Este curso, organizado polo Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, en colaboración coa Escola Superior de Conservación e Restauración de Bens Culturais de Galicia, impartirao a profesora Eva García Amador, restauradora do Arquivo do Reino de Galicia.

O obxectivo deste é aproximar a restauradores doutras especialidades, arquiveiros e técnicos á conservación preventiva e á restauración de documentos en papel, facilitando os coñecementos sobre a natureza do soporte, as súas características e necesidades.

O curso terá unha duración de 30 horas, repartidas entre teoría e práctica, e rematará cunha visita ó Arquivo do Reino de Galicia.

As persoas interesadas poderán ampliar información no Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación de Pontevedra, a través dos números de teléfono 986 844 604 e 986 844 363.

O curso desenvolverase de acordo co seguinte programa:

■ **Teoría:**

- Natureza do papel e dos elementos sustentados
- Causas de degradación: físicas, químicas, biolóxicas
- Conservación preventiva. Metodoloxía
- Criterios de restauración. Proceso
- Actuación en caso de sinistro
- Prevención de riscos laborais

■ **Prácticas:**

- Recoñecemento do estado de conservación
- Limpeza mecánica
- Limpeza con disolventes
- Medida de pH. Desacidificación
- Reapresto
- Laminación
- Reintegración do soporte
- Prensado e montaxe
- Visita ó Arquivo do Reino de Galicia

Presentación conxunta das novidades editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

Terá lugar mañá martes, 12 de abril, ás 13:00 horas, no Pazo provincial

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 11 ABRIL 2005

Ó acto asistirán os responsables dos títulos, o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como o director do Servizo de Publicacións, Miguel Pereira Figueroa.

Presentaranse en primeiro lugar tres novas entregas da Colección "Arte & Estética", serie que engrosa unha parte importante do Catálogo de Publicacións e que recolle textos de autores relacionados co mundo da actividade artística. Son os títulos *Esto lo hace cualquiera*, coordinado por Ignacio Pérez-Jofre, *Fight Club. Consideraciones en torno al arte Contemporáneo*, de Fernando Castro Flórez e *Contemplarse para comprenderse*; volume este último que recolle unha serie de reflexións de distintos autores realizadas dentro do marco do bienio 2000-2002 do programa de doutoramento que leva por título "Contemplarse para comprenderse: Identidades múltiples en la creación artística en torno a la mirada", pertencente ó Departamento de Pintura da Universidade de Vigo.

O mundo da arte estará igualmente representada no libro *Antonio Quesada. Medio século de evolución*. Da obra do artista ourensán versa este novo catálogo pertencente á Colección "Arte". Con textos do propio pintor e do crítico e académico Francisco Pablos, exhibese unha secuencia da producción de Antonio Quesada., encabezada pola premiada "Oración", realizada en 1961, e que remata con tres óleos cuxa factura é de 2004: "Conjunción móvil", "Calimas descendentes" e "Surcos estabilizándose".

Daranse a coñecer así mesmo dous novos títulos da Colección "Tambo", serie orientada a publicar as obras de poetas xa asentados, cunha ampla traxectoria no campo da lírica. Son os poemarios *Setembro Stradivarius*, que constitúe a segunda entrega para esta colección do escritor Álvarez Torneiro, unha das voces más poderosas da poesía galega, e *Peixes medievais*, de Xosé María Vila Ribadomar. Este último autor volve á actualidade literaria cun libro composto por vinte e sete poemas en prosa, un xénero infrecuente na lírica galega.

A continuación mostraranse o libro *Suite Galaica*, de Xavier Comesanha. É esta unha obra en forma de sinfonía que agrupa –salvo a corda- todo tipo de instrumentos que integran unha banda de música moderna. A Deputación de Pontevedra, organizadora do IV Certame Provincial de Bandas de Música, seleccionou esta suite como peza obligatoria para ser executada por todas as bandas convocadas, destacando a súa excelente presentación e a convención entre a organización da escala cromática temperada e os diversos parámetros tonais e de son.

Así mesmo, Fernández Broullón descubrirános o seu magnífico estudio *Heráldica y linajes vigueses*, unha análise das pedras de armas que o museo municipal mostra no chamado "Paseo dos escudos" do xardín de Castrelos. Este experto en heráldica mostraranos ata trinta escudos da colección, así como as liñaxes asociadas, desenmarañando moitas das liñas xenealóxicas que neles converxen.

Por último, da colección "Etnografía, socioloxía, antropoloxía" presentarase o libro *O Burgo: no camiño das uvas e do millo*. Esta obra conecta coas historias e lendas, frecuentemente repetidas, que relacionan o paso do Apóstolo por estas terras. Este espírito e tradición xacobeas seguen a estar presentes na procesión e recollida anual, dende a igrexa de Santiago do Burgo ata a "casa da milagre", que se realiza cada 24 de xuño, véspera da festividádo Santo.

En definitiva, daranse a coñecer nove títulos representativos das distintas coleccións que componen os fondos editoriais do Servizo de Publicacións, reflexo da tradicional disposición da Deputación en apoio ó mundo da arte ou a poesía, entre outros. Estes distintos espazos pretenden servir de estímulo á creación artística, ó estudio e ó labor investigador en xeral. O obxectivo final é o de información cidadá: a recuperación, promoción e divulgación dos valores culturais do pobo galego.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

Convenio entre o Consello da Cultura Galega, a Deputación de Pontevedra e a Asociación Cultural Canón de Pau

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
11 ABRIL 2005

O vindeiro día trece de abril terá lugar unha reunión entre o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o presidente do Consello da Cultura Galega, Alfonso Zulueta de Haz, e o presidente da Asociación Cultural Canón de Pau, Antón Vidal Andión.

O obxecto da dita reunión é asinar un convenio de colaboración para a convocatoria dun premio de estudos etnográficos denominado "Antonio Fraguas".

Coa creación deste premio de investigación preténdese honrar a figura de Antonio Fraguas Fraguas, ilustre cotobadense, así como defender e promover os valores culturais do pobo galego.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Cotobade actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
12 ABRIL 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Cotobade, con 300 novas unidades de instalación e 39 metros lineais de documentación, correspondente ós tres últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Cotobade, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1981, leváronse a cabo un total de cinco actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.516 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2005, e cunha base de datos formada por 10.460 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Cotobade atópase instalado no local habilitado no baixo cuberta da casa do concello, cunhas notables condicións que garanten o seu uso e conservación.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Actualízase o arquivo municipal da Cañiza

Supón a continuidade dun proceso de asistencia técnica en materia de patrimonio documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
19 ABRIL 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal da Cañiza, con duascentas novas unidades de instalación, que representan trinta e cinco metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, respondendo á súa demanda, tras a cal se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1992, leváronse a acabo un total de tres actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.928 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1820 e 2005 e unha base de datos formada por 12.134 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello da Cañiza atópase instalado en varios locais habilitados na planta baixa da casa do concello, a carón das dependencias da biblioteca.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

A páxina web recolle a información sobre os escudos e bandeiras da provincia de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 ABRIL 2005

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico ven de incluír na páxina web unha completa información, gráfica e textual, referida á heráldica municipal. Poden visualizar nela o conxunto de escudos e bandeiras que se usan na propia Deputación Provincial e os diferentes concellos e entidades locais da provincia de Pontevedra.

Xunto coas imaxes dos escudos e bandeiras dos concellos que forman parte do seu patrimonio cultural e da súa expresión simbólica, inclúese a súa descripción heráldica, e, nos casos que foi posible, a información sobre a súa data de aprobación por parte dos distintos órganos competentes, pretendéndose nun futuro inmediato completar esta información coa descripción dos elementos que componen cada escudo e a súa evolución histórica. Para todo elo contamos coa colaboración inestimable da "Asociación de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia".

Paralelamente trata de incentivarase con esta iniciativa o proceso de aprobación e adaptación dos escudos das entidades locais ás novas propostas heráldicas e á normativa vixente; para iso engade a oportuna información sobre lexislación, procedemento e recomendacións heráldicas emanados da Comisión Heráldica de Galicia.

Na actualidade só dezaoito concellos teñen debidamente adaptado e aprobado o seu escudo e moitos menos a súa bandeira, aínda que outros moitos se atopan en diferentes fases deste proceso. Confiamos en que pronto poida rematar o proceso normalizador dos elementos heráldicos das administracións públicas da nosa provincia.

A adopción ou modificación dos elementos heráldicos municipais era competencia so Ministerio de Gobernación ou de Interior e posteriormente da Administración autonómica. En Galicia, o órgano asesor é a Comisión de Heráldica que funciona desde 1994 e que desenvolve un amplio labor no coñecemento, normalización e aprobación de escudos e bandeiras dos diferentes concellos de Galicia, consonte cos criterios, recomendacións e os principios básicos de simplicidade, claridade e equilibrio.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Nova actuación de asistencia técnica no arquivo do Concello de Ribadumia

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.179 unidades de instalación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
29 ABRIL 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Ribadumia, con 150 novas unidades de instalación e 20 metros lineais de documentación, correspondente ó último ano de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Ribadumia, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1986 leváronse a acabo un total de sete actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.179 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1849 e 2005, e cunha base de datos formada por 9.513 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Ribadumia atópase instalado no local habilitado na torre e baixo cuberta da casa do concello.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

Mondariz actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
03 MAIO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Mondariz, con 164 novas unidades de instalación e 23 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente ó Concello de Mondariz en materia de patrimonio documental, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1986, leváronse a cabo un total de seis actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.397 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2005, e cunha base de datos formada por 7.612 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Mondariz atópase instalado no local habilitado na primeira planta da casa do concello, encontrándose en fase de estudio o traslado a un novo local dada a insuficiencia espacial que este manifesta.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

A páxina web da Deputación recolle a información sobre os escudos e bandeiras dos municipios da provincia de Pontevedra

Só 18 concellos teñen adaptados os seus escudos á normativa vixente

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 MAIO 2005

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico ven de incluír na páxina web unha completa información, gráfica e textual, referida á heráldica municipal. Poden visualizar nela o conxunto de escudos e bandeiras que se usan na propia Deputación Provincial e os diferentes concellos e entidades locais da provincia de Pontevedra.

Xunto coas imaxes dos escudos e bandeiras dos concellos que forman parte do seu patrimonio cultural e da súa expresión simbólica, inclúese a súa descripción heráldica, e, nos casos que foi posible, a información sobre a súa data de aprobación por parte dos distintos órganos competentes, pretendéndose nun futuro inmediato completar esta información coa descripción dos elementos que componen cada escudo e a súa evolución histórica. Para todo este labor, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico conta coa colaboración da *Asociación de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*.

Paralelamente, trata de incentivarase con esta iniciativa o proceso de aprobación e adaptación dos escudos das entidades locais ás novas propostas heráldicas e á normativa vixente; para iso engade a oportuna información sobre lexislación, procedemento e recomendacións heráldicas emanados da Comisión Heráldica de Galicia.

Na actualidade só dezaoito concellos teñen debidamente adaptado e aprobado o seu escudo e moitos menos a súa bandeira, aínda que outros moitos se atopan en diferentes fases deste proceso. Confiamos en que pronto poída rematar o proceso normalizador dos elementos heráldicos das administracións públicas da nosa provincia.

A adopción ou modificación dos elementos heráldicos municipais era competencia so Ministerio de Gobernación ou de Interior e posteriormente da Administración autonómica. En Galicia, o órgano asesor é a Comisión de Heráldica que funciona desde 1994 e que desenvolve un amplio labor no coñecemento, normalización e aprobación de escudos e bandeiras dos diferentes concellos de Galicia, consonte cos criterios, recomendacións e os principios básicos de simplicidade, claridade e equilibrio.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.deponcevedra.es/>

A páxina web da Deputación recolle a información sobre os escudos e bandeiras dos municipios da provincia de Pontevedra

Só 18 concellos teñen adaptados os seus escudos á normativa vixente

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
05 MAIO 2005

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico ven de incluír na páxina web unha completa información, gráfica e textual, referida á heráldica municipal. Poden visualizar nela o conxunto de escudos e bandeiras que se usan na propia Deputación Provincial e os diferentes concellos e entidades locais da provincia de Pontevedra.

Xunto coas imaxes dos escudos e bandeiras dos concellos que forman parte do seu patrimonio cultural e da súa expresión simbólica, inclúese a súa descripción heráldica, e, nos casos que foi posible, a información sobre a súa data de aprobación por parte dos distintos órganos competentes, pretendéndose nun futuro inmediato completar esta información coa descripción dos elementos que componen cada escudo e a súa evolución histórica. Para todo este labor, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico conta coa colaboración da *Asociación de Genealogía, Heráldica y Nobiliaria de Galicia*.

Paralelamente, trata de incentivarse con esta iniciativa o proceso de aprobación e adaptación dos escudos das entidades locais ás novas propostas heráldicas e á normativa vixente; para iso engade a oportuna información sobre lexislación, procedemento e recomendacións heráldicas emanados da Comisión Heráldica de Galicia.

Na actualidade só dezaoito concellos teñen debidamente adaptado e aprobado o seu escudo e moitos menos a súa bandeira, aínda que outros moitos se atopan en diferentes fases deste proceso. Confiamos en que pronto poida rematar o proceso normalizador dos elementos heráldicos das administracións públicas da nosa provincia.

A adopción ou modificación dos elementos heráldicos municipais era competencia so Ministerio de Gobernación ou de Interior e posteriormente da Administración autonómica. En Galicia, o órgano asesor é a Comisión de Heráldica que funciona desde 1994 e que desenvolve un amplio labor no coñecemento, normalización e aprobación de escudos e bandeiras dos diferentes concellos de Galicia, consonte cos criterios, recomendacións e os principios básicos de simplicidade, claridade e equilibrio.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.deponcevedra.es/>

Presentación conxunta das novidades editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 05 MAIO 2005

O mércores, 11 de maio, ás 13:00 horas, terá lugar unha presentación conxunta de diversos libros que conforman as novidades editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Ó acto, que vai ter lugar no Pazo provincial, asistirán os responsables dos títulos, o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como o director do Servizo de Publicacións, Miguel Pereira Figueroa.

Dentro da colección "Patrimonio Documental da provincia de Pontevedra" presentarase unha nova entrega, a referida ós Xulgados de Paz.

Presentaranse en segundo lugar tres novos números da Colección "Tambo", serie que engrosa unha parte importante do Catálogo de Publicacións e que se orienta a publicar as obras de poetas xa asentados, cunha ampla traxectoria no campo da lírica. Son os poemarios *Vagar de amor e sombra*, de Xavier Seoane, *Atlántico, atlántico*, de Xesús Franco e *Sucesos*, de César Souto.

A continuación, da colección "Etnografía, socioloxía, antropoloxía" presentaranse os libros *Os muíños do río Armenteira* e *Muíños de Xabriña*.

O mundo da natureza estará igualmente representada no libro *Vegetación del istmo de A Lanzada*. Con esta segunda edición da obra preténdese dar unha visión simplificada, pero con rigor científico, das distintas comunidades vexetais que colonizan os diferentes hábitats, as plantas dominantes en cada un deles e os factores ecolóxicos que as condicionan, así como unha referencia ás principais especies presentes no istmo e á súa importancia bioxeográfica.

Así mesmo, Mario Gallego Rei descubrirános o seu estudo *Meis no camiño das estrelas*, un traballo de investigación do concello que describe cada unha das parroquias que o conforman así como as igrexas e pazos que nel se atopan. Tamén poderemos realizar unha viaxe no tempo á vila de Ponteareas a través dunha completa colección fotográfica, *Percorrido pola historia de Ponteareas*. Trátase dun traballo coordinado por Rafael Sánchez Bargiela no que descubre a orixe da actual vila e os cambios sociais e políticos do último século.

Deseguido, mostrarse o último Catálogo do Servizo de Publicacións desta Deputación, que recolle a producción editorial deste desde a súa creación, no ano 1987, ata o ano 2004. A través deste catálogo os cidadáns poderán consultar máis de catrocentos títulos representativos das distintas coleccións que componen os fondos editoriais do Servizo.

Por último, presentarase o último número da revista *Pontevedra*. Froito dunha coidadosa selección, esta publicación compónse de dez artigos, todos eles traballos de investigación asinados por destacados autores.

En definitiva, son once os títulos que se dan a coñecer, representativos das distintas coleccións que componen os fondo editoriais do Servizo de Publicacións. Estes distintos libros e revistas teñen como referente común a investigación referida á Comunidade Autónoma galega e, más concretamente á provincia de Pontevedra. Galicia convértese no eixe fundamental de estudio e, neste sentido, o idioma galego é tamén un referente fundamental.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Persoal contratado pola Deputación actualizou os arquivos municipais de Portas, A Cañiza, Ribadumia, Cotoade e Mondariz

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 05 MAIO 2005

CONCELLO DE PORTAS

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación xerada nas oficinas xestoras e transferida ó arquivo municipal, situado nunhas axeitadas instalacións na planta superior da nova casa do concello.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Portas, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos. Nesta ocasión incorporáronse 327 novas unidades de instalación, o que supón cerca de corenta e un metros lineais de documentación.

Dende o primeiro proceso en 1993, leváronse a cabo un total de tres actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente, coincidindo coa súa instalación na nova casa do concello.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 920 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2005, e cunha base de datos formada por 6.184 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

CONCELLO DA CAÑIZA

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal da Cañiza, con duascentas novas unidades de instalación, que representan trinta e cinco metros lineais de documentación, correspondente á súa más recente xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, respondendo á súa demanda, tras a cal se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1992, leváronse a acabo un total de tres actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.928 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1820 e 2005 e unha base de datos formada por 12.134 rexistros, o que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello da Cañiza atópase instalado en varios locais habilitados na planta baixa da casa do concello, a carón das dependencias da biblioteca.

CONCELLO DE RIBADUMIA

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida no último ano dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Ribadumia, con 150 novas unidades de instalación e 20 metros lineais de documentación, correspondente ó último ano de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Ribadumia, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1986 leváronse a acabo un total de sete actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando no nivel de información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.179 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1849 e 2005, e cunha base de datos formada por 9.513 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Ribadumia atópase instalado no local habilitado na torre e baixo cuberto da casa do concello.

CONCELLO DE COTOADE

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Cotobade, con 300 novas unidades de instalación e 39 metros lineais de documentación, correspondente ós tres últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó Concello de Cotobade, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1981, leváronse a cabo un total de cinco actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.516 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2005, e cunha base de datos formada por 10.460 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Cotobade atópase instalado no local habilitado no baixo cuberta da casa do concello, cunhas notables condicions que garanten o seu uso e conservación.

CONCELLO DE MONDARIZ

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Mondariz, con 164 novas unidades de instalación e 23 metros lineais de documentación, correspondente ós dous últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente ó Concello de Mondariz en materia de patrimonio documental, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1986, leváronse a cabo un total de seis actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.397 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1831 e 2005, e cunha base de datos formada por 7.612 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Mondariz atópase instalado no local habilitado na primeira planta da casa do concello, encontrándose en fase de estudio o traslado a un novo local dada a insuficiencia espacial que este manifesta.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Presentación dunha publicación que recolle os inventarios do patrimonio documental conservado nos xulgados de Paz da provincia

Corresponde ó número 58 da Colección do "Patrimonio documental da provincia de Pontevedra" e inclúe dous tomos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 07 MAIO 2005

O vindeiro xoves, xunto con outras edicións do Servizo de Publicacións, preséntase unha publicación que recolle os inventarios do patrimonio documental conservado nos xulgados de Paz da provincia, resultado dunha actuación específica do Servizo Técnico do Patrimonio Documental nos pasados anos.

Os xulgados de paz, célula básica da administración de xustiza, foron creados en 1870 xunto cos rexistros civís, asumindo, entre outras, as funcións que correspondían ós alcaldes e os concellos en materias xudiciais (conciliacións, xuízos de faltas, xuízos verbais civís..) e de rexistro da poboación.

A organización do seu patrimonio documental iniciouse en 1995, atendendo á realidade documental que presentaban, moi deficitaria na maior parte dos casos e carente de calquera tratamento técnico, e á solicitude dos propios xulgados e do seu persoal, que en moitos casos compartían locais cos propios concellos.

Desenvolveuse ata 2003, data na que se abordou un plan específico e definitivo para a organización da totalidade dos xulgados de Paz da provincia, cun nivel completo de execución, agás os casos de Mos, Sanxenxo, A Illa de Arousa e Forcarei, por diferentes motivos.

Esta actuación cumplía unha triple finalidade; por un lado favorecer a conservación axeitada dos documentos producidos na xestión da administración de xustiza, a nivel local, nesta provincia. Por outro, contribuír á eficacia na xestión dos propios xulgados, contando con arquivos ordenados e instrumentos de descripción que permitan a recuperación de calquera documento, libro ou expediente en caso de ser necesario. Por último difundir a realidade do patrimonio documental da administración de xustiza e estimular o uso desta documentación, atendendo ás necesarias limitacións, na investigación.

Supuxo a mellora dos equipamentos e das condicións de conservación e contribuíu ó seu manexo e utilización. O conxunto de arquivos dispón dun mesmo sistema de organización, cun cadre de clasificación similar e un mesmo conxunto de instrumentos de descripción: cadre de clasificación, cos datos xenéricos específicos de cada arquivo; inventario somero que recolle o contido de cada serie a nivel de unidade de instalación; e inventario detallado a nivel de expediente, nalgúns series, e de períodos cronolóxicos anuais na súa meirande parte.

Coa finalidade de difundir o resultado deste traballo e a riqueza patrimonial conservada nos diferentes rexistros civís e xulgados de paz da provincia de Pontevedra é polo que, de acordo coa Presidencia do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, ademais da súa inclusión na páxina web desta Deputación (www.arquivos.depontevedra.es), se procedeu á publicación da información do cadre de clasificación e do inventario somero de cada un dos xulgados xunto cunha sucinta ficha técnica e información gráfica en cada caso, presentada en dous tomos, co número 58 da Colección do "Patrimonio documental da provincia de Pontevedra".

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
 Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
 Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presentou trece novos volumes editados polo seu Servizo de Publicacións

Inclúense un inventario do patrimonio documental dos xulgados de paz, tres novas entregas da colección de poesía "Tambo" e un catálogo das publicacións da institución provincial dende 1987 ata 2004

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 11 MAIO 2005

O deputado de Cultura da Deputación de Pontevedra, José Juan Durán Hermida, e o director do Servizo de Publicacións, Miguel Pereira Figueroa, participaron hoxe –xunto ós autores- nunha presentación conjunta de diversos libros que conforman as novidades editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Dentro da colección "Patrimonio Documental da provincia de Pontevedra" presentarase unha nova entrega, a referida ós xulgados de paz. Estes dous volumes teñen a súa orixe nas actividades desenvolvidas polo Servizo Técnico de Patrimonio Documental da Deputación pontevedresa para conservar, organizar e difundir aquelas fontes tan importantes para o coñecemento da historia local. Así, xorde en 1995 unha programación dirixida a estes xulgados, atendendo ó estado no que se atopaban os seus fondos documentais e á proposta das propias institucións e do seu persoal. Por outra banda, vixente o Plan de organización de archivos municipais dende 1981, o feito de que boa parte dos xulgados compartan local cos concellos facilitou ese labor de ordenación.

Presentáronse en segundo lugar tres novas entregas da Colección "Tambo", serie que engrosa unha parte importante do Catálogo de Publicacións e que se orienta a publicar as obras de poetas xa asentados, cunha ampla traxectoria no campo da lírica. Son os poemarios Vagar de amor e sombra, de Xavier Seoane, Atlántico, atlántico, de Xesús Franco e Sucesos, de César Souto.

A continuación -dentro da colección "Etnografía, socioloxía, antropoloxía"- déronse a coñecer os libros Os muíños do río Armenteira e Muíños de Xabriña. O mundo da natureza está igualmente representado no libro Vegetación del istmo de A Lanzada. Con esta segunda edición da obra preténdese dar unha visión simplificada, pero con rigor científico, das distintas comunidades vexetais que colonizan os diferentes hábitats, as plantas dominantes en cada un deles e os factores ecolóxicos que as condicionan, así como unha referencia ás principais especies presentes no istmo e á súa importancia bioxeográfica.

Así mesmo, Mario Gallego Rei descubriunos o seu estudo Meis no camiño das estrelas, un traballo de investigación do municipio que describe cada unha das parroquias que o conforman así como as igrexas e pazos que nel se atopan. Por outra banda, tamén se pode realizar unha viaxe no tempo á vila de Ponteareas a través dunha completa colección fotográfica, Percorrido pola historia de Ponteareas. Trátase dun traballo coordinado por Rafael Sánchez Bargiela no que descubre a orixe da actual vila e os cambios sociais e políticos do último século.

De seguido, mostrouse o último Catálogo do Servizo de Publicacións desta Deputación, que recolle a producción editorial deste departamento dende a súa creación, no ano 1987, ata o ano 2004. A través deste catálogo os ciudadáns poderán consultar máis de catrocentos títulos representativos das distintas coleccións que componen os fondos editoriais do Servizo.

Por último, presentouse o último número da revista Pontevedra. Froito dunha cuidadosa selección, esta publicación compõe de dez artigos, todos eles traballos de investigación asinados por destacados autores.

En definitiva, "son once os títulos que se dan a coñecer, representativos das distintas coleccións que componen os fondo editoriais do Servizo de Publicacións", manifestou Miguel Pereira. Estes distintos libros e revistas teñen como referente común a investigación referida á Comunidade Autónoma galega e, máis concretamente á provincia de Pontevedra. "Galicia convértese no eixe fundamental de estudio e, neste sentido, o idioma galego é tamén un referente fundamental", concluíu Pereira.

Convócanse dous cursos de arquivos municipais para funcionarios locais

Un dos obxectivos é o de estimular o coñecemento e manexo do programa informático co que contan a maioría dos arquivos municipais

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 MAIO 2005

Dentro do Plan agrupado de formación continua para o persoal da Administración local da provincia de Pontevedra, convocado no BOP nº 87 de 6 de marzo de 2005, está prevista a celebración, inicialmente, de dous cursos de arquivos municipais; o primeiro terá lugar entre o 30 de maio e o 3 de xuño no concello da Estrada para a zona norte; un segundo, previsto para o mes de outubro, desenvolverase en Porriño ou Ponteareas para a zona sur.

O contido deste proceso formativo será eminentemente práctico, cun total de vintecinco horas lectivas e vai destinado a aqueles funcionarios ou persoal laboral fixo, en grupos reducidos, que se veñan ocupando do funcionamento do arquivo nos diferentes concellos da provincia, nun novo esforzo na mellora do funcionamiento dos diferentes arquivos, especialmente no referido ós procesos de actualización e transferencias, ó préstamo e consulta.

Este curso concíbese como unha actividade complementaria do conxunto de actuación do Servizo Técnico do Patrimonio Documental. Ten como obxectivos xenéricos os de contribuír á formación do persoal dos concellos, mellorar a formación específica en materia de arquivística e tratamento documental e o de mellorar a calidade do servizo ós cidadáns en relación coa información mediante o incentivo da adscrición de persoal ós respectivos arquivos dos concellos.

Os obxectivos específicos do curso serían o coñecemento da realidade arquivística actual, especialmente a nivel provincial; ofrecer conceptos básicos de arquivística; coñecer os procesos técnicos precisos para a organización de arquivos municipais, e, de xeito especial, os cadros de clasificación para arquivos municipais en uso na provincia; coñecer os instrumentos de descripción existentes nos diferentes arquivos, así como o seu aproveitamento e mantemento e, por último, coñecer e manexar o programa informático usado no arquivo da Deputación Provincial e nos arquivos municipais desta provincia.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presentará o mércores, día 18, o vídeo *Valle-Inclán. O tempo de Vilanova*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
16 MAIO 2005

A Deputación de Pontevedra presentará o vindeiro mércores, día 18, ás 20:30 horas, o vídeo documental *Valle-Inclán. O tempo de Vilanova*. A presentación, que terá lugar no salón de actos da Casa da Cultura de Vilanova, asistirá o director e realizador do vídeo, Federico de la Peña, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hemida, así como o alcalde do concello de Vilanova de Arousa, Gonzalo Durán Hermida.

Dentro da serie de audiovisuais inclúese este documental, un percorrido polos primeiros anos de vida do escritor, o que supón, á súa vez, un percorrido pola vila que o viu nacer, Vilanova de Arousa.

No casco antigo desta vila mariñeira atópase a casa na que naceu e creceu, a Casa do Cuadrante, na actualidade convertida na Casa-museo Ramón del Valle-Inclán.

É importante coñecer este contexto matricial do autor para entender a súa obra. De feito, as lembranzas da infancia e as saídas polos arredores de Vilanova posibilitaron o contacto do escritor coa tradición oral das xentes do Salnés. O galego tamén penetrou con naturalidade no seu pensamento e na súa linguaaxe.

Neste sentido, Vilanova preséntase coma unha prolongación da obra de Valle-Inclán: unha vila próspera, moderna e puxante, pero tamén un concello que segue a conservar a tradición doutros tempos.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O xoves, 19 de maio, terá lugar a presentación do libro *A Vilagarcía das vellas postais*, editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
16 MAIO 2005

A Deputación de Pontevedra presentará o xoves, 19 de maio, ás 20:30 horas, o libro *A Vilagarcía das vellas postais*, editado polo Servizo de Publicacións da institución provincial e que constitúe unha nova entrega para a colección "A provincia en imaxes".

Ó acto, que se vai celebrar na sala de conferencias do Auditorio Municipal de Vilagarcía, asistirá o autor, Manuel Villaronga, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, e o alcalde de Vilagarcía de Arousa, Joaquín Javier Gago López.

O libro recolle unha completa colección de postais de Vilagarcía que nos permiten realizar unha viaxe a esta vila entre os anos 1900 e 1936. Máis de duascertas compoñen a colección, a maioría tiradas nos anos 1900 a 1914, a época dourada das tarxetas postais.

Toda esta parte gráfica acompaña así mesmo de escritos e noticias aparecidas no diario local da época, "Galicia nueva", que abarca o período 1907-1938, unha das fontes históricas fundamentais para os traballos de investigación sobre o concello e que axudan a recuperar a nosa memoria colectiva.

En definitiva, o libro supón unha aproximación crítica e mesmo en certa clave de humor ós acontecementos históricos, unha análise detallada duns feitos que en moitos dos casos non aparecen reflectidos nas postais pero que convén coñecelos á hora de observalas e interpretalas.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

O Arquivo da Deputación actualiza o arquivo municipal da Lama e da entidade local menor de Queimadelos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
26 MAIO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal da Lama, con 245 novas unidades de instalación e trinta metros lineais de documentación, correspondente ós últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello da Lama, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1986, leváronse a cabo un total de sete actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.114 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1839 e 2005, e cunha base de datos formada por 6.699 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

O arquivo da entidade local menor de Queimadelos foi organizado polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental no ano 1996, levándose a cabo un proceso de actualización, coa incorporación dos últimos anos.

Conta cun total de 62 unidades de instalación, con documentación entre 1917 e 2205, cunha axeitadas condicións de instalación e cos instrumentos descriptivos necesarios para o seu manexo e consulta.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

No mes de xuño iníciase o IV Plan de Desinfectación, Desinsectación e Desratización para arquivos municipais

Este ano actuarase inicialmente nun total de 42 arquivos municipais

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
31 MAIO 2005

Neste mes de xuño ponse de novo en marcha, por cuarto ano consecutivo, o Plan de Desinfectación, Desinsectación e Desratización, coordinado polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental, específico para aqueles locais que veñen cumprindo a función de depósitos documentais (arquivos) nos diferentes concellos da provincia.

Téntase con esta actuación contribuír cun paso máis á paralización do proceso dexenerativo dos fondos documentais, a engadir ós xa dados polos propios concellos na mellora de locais, instalacións e equipamentos e as actuacións de organización e descripción da documentación conservada.

Incluirá dous servizos completos de desinfectación, desratización e desinsectación, contratados no seu día coa empresa "Control de Plagas Andrade", entre o 1 de xuño e o 30 de setembro. Escóllense estas datas por ser a época de maior actividade dos principais insectos actuantes, especialmente o Coleopterus familia Anobium e Dermestes Laridarius.

O método de aplicación utilizado é mediante termonebulización, a fin de conseguir unha maior capacidade de penetración en todos os ocos e alcanzar no maior grao á posible larva que houbera no interior.

A materia activa que se emprega é extracto de pelitre, cun gran efecto de choque e cun alto nivel de seguridade tanto para o aplicador ou as persoas, coma para o medio ambiente por non ser un produto residual. Para maior seguridade sélanse os locais durante dous días.

Actuarase inicialmente este ano nun total de 42 arquivos municipais: Arbo, Baiona, Barro, Caldas de Reis, Cambados, Campo Lameiro, A Cañiza, Catoira, Ceredo, Cotobade, Covelo, Cuntis, Dozón, Forcarei, Gondomar, O Grove, A Guarda, A Lama, Meaño, Meis, Mondariz, Mondariz-Balneario, Moraña, Mos, As Neves, Nigrán, Poio, Ponte Caldelas, Pontecesures, Portas, Ribadumia, O Rosal, Sanxenxo, Salvaterra de Miño, Silleda, Tomiño, Valga, Vila de Cruces, Vilaboa, Vilagarcía de Arousa e Vilanova de Arousa.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

Persoal do arquivo da Deputación colabora na actualización dos arquivos da entidade local menor de Morgadáns e do concello de Mos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 XUÑO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar en colaboración co persoal do propio concello un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Mos, con 539 novas unidades de instalación e sesenta e oito metros lineais de documentación, correspondente ós últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello de Mos, polo que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1990, leváronse a cabo un total de seis actualizacions, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata chegar á informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 3.850 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1875 e 2005, e cunha base de datos formada por 17.607 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

O arquivo da entidade local menor de Morgadáns foi organizado polo Servizo Técnico do Patrimonio Documental no ano 1996, levándose a cabo un proceso de actualización, coa incorporación dos últimos anos.

Conta cun total de 99 unidades de instalación, con documentación entre 1917 e 2005, cunha axeitadas condicións de instalación e cos instrumentos descriptivos necesarios para o seu manexo e consulta.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.depontevedra.es/>

O vindeiro martes o artista Xesús Franco presentará o seu poemario *Atlántico, Atlántico* na galería Sargadelos

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 XUÑO 2005

A Asociación Cultural Ateneo, en colaboración co Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, presentará este martes, 14 de xuño, ás 20:00 horas, o libro *Atlántico, Atlántico*, editado polo Servizo de Publicacións da institución provincial.

Ó acto, que terá lugar na Galería Sargadelos, asistirán o autor, Xesús Franco, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, o director do Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Miguel Pereira Figueroa, o director adxunto da Escola de Canteiros, Enrique Velasco, e mais o artista Antón Sobral, do Ateneo de Pontevedra. Así mesmo, na presentación terá lugar unha performance a cargo de Rita González.

Este poemario, *Atlántico, Atlántico*, fai o número 21 da *Colección Tambo*, serie orientada a publicar as obras de poetas xa asentados, cunha ampla traxectoria no campo da lírica.

Colaborador durante longos anos en programas radiofónicos e suplementos culturais da prensa escrita, Xesús Franco conta cunha extensa obra literaria, que inclúe títulos como *Blues para un asasino* (1994), *Contramar* (Premio de poesía Martín Códax, 1995) e *Matalote* (2000).

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

A Deputación de Pontevedra presentará este venres, 24 de xuño, o libro *Percorrido pola historia de Ponteareas*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
21 XUÑO 2005

O venres, 24 de xuño, ás 20:30 horas, presentarase no auditorio da Biblioteca Pública Municipal de Ponteareas o libro *Percorrido pola historia de Ponteareas*, editado polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Á presentación asistirá o director do Museo de Ponteareas e coordinador do libro, Rafael Sánchez Bargiela, un dos colaboradores do libro, Miguel A. Novoa Iglesias, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, así como o deputado provincial de Cultura, José Juán Durán Hermida.

O libro permite realizar unha viaxe no tempo á vila de Ponteareas a través dunha completa colección fotográfica. Parte destas fotografías corresponden ós fondos do Museo Municipal de Ponteareas e moitas outras estaban dispersas en distintos arquivos familiares e de fotógrafos.

Coñeceremos a orixe da actual vila e os cambios sociais e políticos do último século a través das imaxes, recuperando deste xeito a memoria colectiva de aspectos xa esquecidos da realidade ponteareá.

A igrexa parroquial, a capela da Nosa Señora dos Remedios ou a casa do concello son algunas das construcións fotografadas. Tamén se recolle unha secuencia de fotografías e escritos de José Luis Bugallal, realizadas dende o ano 1916 ata o ano 1918.

Por último móstranse imaxes do Corpus Christi na vila. Esta festa, coa correspondente función relixiosa e procesión, posúe unha tradición que temos que remontar cando menos ás primeiras décadas do século XIX. O elemento máis emblemático era a utilización de flores e outros elementos vexetais para adornar as rúas ao paso da procesión. Na actualidade esta festa segue a conservar a súa feitura característica, converténdose nunha expresión inconfundible da cultura popular galega.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.

Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES

Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124

<http://www.deponcevedra.es/>

Presentación do libro *Outras belezas. Flora silvestre galega na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas*

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
23 XUÑO 2005

A Deputación de Pontevedra presentará o luns, 27 de xuño, ás 20:30 horas, o libro *Outras belezas. Flora silvestre galega*, editado polo Servizo de Publicacións da institución provincial.

Ó acto, que se vai celebrar na sede do Padroado de Turismo Rías Baixas, asistirá o autor, Antonio Costa, o presidente da Deputación de Pontevedra, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, e mais o director do Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra, Miguel Pereira Figueroa.

O libro recolle unha completa colección fotográfica da flora silvestre galega, un estudo exhaustivo que nos permite identificar máis de cen especies silvestres.

Pero *Outras Belezas* foi concibido así mesmo como un libro de arte. A fotografía deixa de ser un mero recurso documental para ser empregado como un procedemento de expresión artística.

Antón Castro, crítico de arte, introduce este traballo facendo referencia ó protagonismo que nel adquiere a arte, un traballo que define como "un estudo tan sensible e coidado das plantas que se converte nunha sorprendente e máxica historia de pintura".

Coa presentación deste libro inaugúrase ademais unha exposición na que se poderá contemplar parte destas fotografías e que permanecerá aberta ó público ata o día 3 de xullo.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Moraña actualiza o seu arquivo municipal coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
28 XUÑO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal de Moraña, con 283 novas unidades de instalación e 35 metros lineais de documentación, correspondente ós últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental ó concello, no que se procedeu á clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos, xunto cos do seu xulgado de paz.

Dende o primeiro proceso en 1989, leváronse a cabo un total de catro actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 1.281 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1821 e 2005, e cunha base de datos formada por 7.212 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

A totalidade do patrimonio documental do Concello de Moraña atópase instalado nunha antiga escola unitaria, no mesmo casco urbano; este local dispón de espazo para o depósito, tratamiento e consulta dos fondos documentais conservados, ocupando máis de setenta metros cadrados. Nel procedeuse á instalación en fases sucesivas dos equipamentos necesarios para a función de almacenamento e tratamiento documental contando na actualidade cunhas condicións idóneas de habitabilidade, seguridade, illamento, ventilación e iluminación.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Coa colaboración do Servizo Técnico do Patrimonio Documental O Grove actualiza o seu arquivo municipal

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
13 XULLO 2005

O Servizo Técnico do Patrimonio Documental da Deputación acaba de rematar un proceso de actualización da documentación transferida nos últimos anos dende as propias oficinas xestoras ó arquivo municipal do Grove instalado na planta baixa da Casa da Cultura, con 581 novas unidades de instalación e 73 metros lineais de documentación, correspondente ós últimos anos de xestión administrativa.

Esta última actuación completa un ciclo de asistencia permanente en materia de patrimonio documental a este concello, polo que se procedeu a clasificación, ordenación, descripción e instalación dos seus documentos.

Dende o primeiro proceso en 1990, leváronse a cabo un total de sete actualizacións, que foron incorporando a nova documentación producida e, ó mesmo tempo, profundizando na información ata a informatización do inventario descriptivo a nivel de expediente.

Na actualidade conta o arquivo cun total de 3.554 unidades de instalación, con documentación que ten como datas extremas os anos 1812 e 2004, e cunha base de datos formada por 21.299 rexistros que permite a localización de calquera expediente.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Desenvólvese a bo ritmo as sondaxes arqueolóxicas no edificio do arquivo da Deputación

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
10 AGOSTO 2005

Tras unha prolongada espera levan días desenvolvéndose as sondaxes arqueolóxicas preceptivas antes do inicio das obras de reforma do edificio do antigo Fogar Provincial para o seu destino como arquivo, biblioteca e servizo de publicacións da Deputación provincial.

Baixo a dirección técnica da arqueólogo desta institución, Rafael Rodríguez Martínez, fixérónse un total de dez sondeos en diferentes partes da edificación, logo da oportuna programación técnica, das que áinda quedan abertas tres.

Descartado o paso da antiga muralla da cidade por este solar, os achados e descubrimientos son escasos e de pouca relevancia; basicamente restos cerámicos do século XVIII e preferentemente do XIX, así como parte do que pudo ser un pequeño patio enlousado dalgúnha vivenda ou edificación.

Tamén, como actuación específica, descendese ata os cimentos da arcada interior do edificio sen atoparse datos de especial trascendencia; nesta zona xa se fixeran no pasado obras de recheo en diferentes fases para acondicionarlo ás sucesivas funcións que leva tido este edificio.

Quedaría, por último, unha inspección por parte de técnicos de patrimonio (Consellería de Cultura) para poder iniciarse definitivamente as obras que permitirán resolver en breve tempo o problema espacial e funcional que hoxe afecta ó Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico, mellorándose a calidade da atención ós cidadáns e á propia administración.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.deponcevedra.es/>

Presentación conxunta de diversos libros que conforman as novidades editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
25 OUTUBRO 2005

O luns, 31 de outubro, ás 13:00 horas, terá lugar unha presentación conxunta de diversos libros que conforman as novidades editadas polo Servizo de Publicacións da Deputación de Pontevedra.

Ó acto, que vai ter lugar no Pazo provincial, asistirán os responsables dos títulos, o presidente da institución provincial, Rafael Louzán Abal, o deputado provincial de Cultura, José Juan Durán Hermida, así como o director do Servizo de Publicacións, Miguel Pereira Figueiroa.

Presentaranse en primeiro lugar catro novas entregas da Colección "Ensaio e investigación", serie que engrosa unha parte importante do Catálogo de Publicacións e que recolle traballos de investigación que teñen como eixe fundamental de estudo a Comunidade Autónoma galega. Son os títulos *Pazos y moradas hidalgas de Deza*, de César Gómez Buxán e Francisco Rubia Alejos, *Recordando los tranvías de Vigo*, de Antonio Giráldez Lomba, *A Casa de Valladares*, de Felipe Castro Pérez, e *La producción social de la solidaridad y el voluntariado*, de Vicente González Radío.

O mundo da arte estará igualmente representada no libro *Os gozos e as sombras*, unha homenaxe de vinte artistas ó escritor Torrente Ballester, e no libro *Anxo Cabada. Materia de sombras*, amplio catálogo que reproduce unha selección de fotografías do artista.

Dentro da Colección "A provincia en imaxes" insírese o traballo *Forcarei. Historia fotográfica do século XX*, colección de fotografías que nos achegan á política, ó Concello, ó comercio, pero tamén ás festas, ás xentes e ás tradicións da vila de Forcarei.

Darase a coñecer así mesmo a obra *Marcial Valladares*, de Xosé A. Fernández Salgado, o traballo *Aves do río Gafos*, da asociación Vaipolorío, e a reedición do libro *Muíños de río nas terras de Pontevedra*, de Ramiro Barros Justo, que constitúe unha nova entrega sobre o interesante mundo dos muíños de río galegos.

Por último, presentaranse os tres últimos títulos da colección Tambo, dedicada á poesía. Son *El viento del desierto*, de Cecilio Muñoz Abela, *Andar ao leu*, de Elvira Riveiro Tobío e *Adeus Norte*, de Ramiro Fonte.

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os derechos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

Deputación de Ponteved

A DEPUTACIÓN**SERVIZOS****ANUNCIOS**

Está en » depontevedra.es » Deputación de Pontevedra » Taboleiro de anuncios » Notas de Prensa



Inicio Sección

■ Taboleiro de anuncios

- Boletín Oficial da Provincia
- Emprego Público
- Subvencións, axudas, bolsas...
- Licitacións
- Cursos
- Actas do Pleno
- Actas da Xunta de Goberno
- Decretos Presidenciais
- Notas de Prensa
- Axenda

NC
◀ DE
L M
5 6
12 13
19 20
26 27

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación rexistrrou 10.275 unidades de imaxe fixa, 371 de audiovisuais e adquiriu 2.000 gravacións sonoras

O Servizo de Publicacións editou un total de 50 novos libros o presente ano 2005, ademais de sacar á luz as publicacións periódicas, "Pontevedra", "Pontenova e Pontenorga"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 22 DECEMBRO 2005

A editorial da Deputación de Pontevedra editou un total de 50 novos libros o presente ano 2005, ademais de sacar á luz as publicacións periódicas, "Pontevedra", "Pontenova e Pontenorga". A pesar de que o traballo do departamento se viu condicionado polo traslado dos medios humanos e materiais á Cidade Infantil Príncipe Felipe con motivo das obras de remodelación do arquivo provincial, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico realizou unha intensa actividade ó longo do presente exercicio, sendo as seguintes as máis importantes:

Actuacións de organización e descripción do patrimonio documental da Deputación. Concretamente, transferíronse 1.058 unidades de instalación, alcanzando un total de 25.300 e foron transcritas todas as actas do Pleno da Corporación desde 1836, dos acordos da Comisión Asociada e a Comisión de Goberno ata os anos 80, nos que se están traballando actualmente. Así mesmo estase a elaborar unha base de datos, cun total de 46.026 rexistros.

Traballos de organización e descripción da colección de audiovisuais formada por **Imaxe fixa** (rexistradas 10.275 unidades, compostas por fotografías, postais e Mail Art); **Gravacións sonoras** (adquisición 2.000 unidades, compostas por diferentes soportes); e **Audiovisuais** (371 unidades rexistradas). Debemos destacar o inicio dun novo proxecto, a adquisición de proxectos de videocreación dos artistas galegos, estándose a tratar coa Escola de Imaxe e Son da Coruña e cos artistas a nivel individual). Tamén cómpre subliñar que o departamento atendeu a un total de 90 investigadores e 310 peticóns de documentación desde os diferentes servizos da Deputación e desenvolveu un convenio de colaboración coa UNED para realizar as prácticas do curso de posgrao de "Especialista Universitario en Archivística", organizado pola UNED, en colaboración coa Comunidad de Madrid e a Fundación Carlos de Amberes.

ASISTENCIA TÉCNICA A 35 CONCELLOS

Por outra banda, o Arquivo Provincial puxo en marcha unha colección documental, co nome **Fondo Artistas**, que recolle a actividade dos artistas galegos; adquiriu un novo fondo documental referente á familia Nores de Marín; e desenvolveu un traballo de investigación sobre o estado de conservación e posibles intervencións para o restauro da documentación de montes. Tamén desenvolveu actuacións

de organización e descripción do patrimonio documental da provincia, que incluíu a reorganización global dos arquivos municipais de Tui e Nigrán, e a asistencia técnica e reincorporación documental nun total de 35 municipais e tres entidades locais menores. Do mesmo xeito continuou a colección "Patrimonio documental da provincia de Pontevedra" ata o número 61, e xestionou a información técnica e gráfica que se incorporou á páxina web da Deputación (www.depontevedra.es) no referido ó patrimonio documental provincial.

DESINFECTACIÓN E DESRATIZACIÓN DE 42 ARQUIVOS MUNICIPALES

O servizo de Patrimonio Documental continuou coas actuacións de formación e asistencia técnica permanente, coa programación de cursos de formación de persoal das administracións locais sobre arquivos municipais, con especial incidencia en cuestións de utilidade práctica e de aproveitamento real e execución do plan de desinfectación, desinsectación e desratización para arquivos municipais dando continuidade a esta actuación preventiva e terapéutica contra insectos, roedores e parásitos. Este ano actuouse inicialmente nun total de 42 arquivos municipais.

ACTIVIDADES CULTURAIS

O Servizo de Patrimonio Documental participou en diferentes actividades culturais como nas VI Xornadas de Xenealoxía, Heráldica e Nobiliaria de Galicia, no IX curso de Conservación e Restauración de documento e obra gráfica en soporte de papel; así como nas feiras do libro. Finalmente, destacar que o departamento desenvolveu diversos procesos técnicos como a catalogación e informatización do fondo Manfred Schwarz adquirido por esta institución; no baleirado das publicacións periódicas do fondo Galicia (xa dispoñible un 60%); na catalogación e informatización do fondo de Galicia [616]; ou no volcado do fondo de Galicia ó catálogo en liña; na actualización da colección Publicacións Oficiais [xaneiro 2005 - decembro 2005]. Tamén estableceu intercambios con outras institucións (Deputación Provincial de Ourense, Museo Provincial de Lugo, Museo das Peregrinacións, Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses).

BUSCAR NAS NOVAS

BUSCAR

[INICIO](#) | [VOLVER ARRIBA](#)

Última modificación:

Copyright © 2002-2005, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>

SI

A

O Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico da Deputación rexistrou 10.275 unidades de imaxe fixa, 371 de audiovisuais e adquiriu 2.000 gravacións sonoras

O Servizo de Publicacións editou un total de 50 novos libros o presente ano 2005, ademais de sacar á luz as publicacións periódicas, "Pontevedra", "Pontenova e Pontenorga"

DEPUTACIÓN DE PONTEVEDRA
Patrimonio Documental e Bibliográfico
 22 DECEMBRO 2005

A editorial da Deputación de Pontevedra editou un total de 50 novos libros o presente ano 2005 ademais de sacar á luz as publicacións periódicas, "Pontevedra", "Pontenova e Pontenorga". A pesar de que o traballo do departamento se viu condicionado polo traslado dos medios humanos e materiais á Cidade Infantil Príncipe Felipe con motivo das obras de remodelación do arquivo provincial, o Servizo de Patrimonio Documental e Bibliográfico realizou unha intensa actividade ó longo do presente exercicio sendo as seguintes as más importantes:

Actuacións de organización e descripción do patrimonio documental da Deputación. Concretamente, transferíronse 1.058 unidades de instalación, alcanzando un total de 25.300 e foron transcritas todas as actas do Pleno da Corporación dende 1836, dos acordos da Comisión Asociada e a Comisión de Goberno ata os anos 80, nos que se están traballando actualmente. Así mesmo estase a elaborar unha base de datos, cun total de 46.026 rexistros.

Traballos de organización e descripción da colección de audiovisuais formada por **Imaxe fixa** (rexistradas 10.275 unidades, compostas por fotografías, postais e Mail Art); **Gravacións sonoras** (adquisición 2.000 unidades, compostas por diferentes soportes); e **Audiovisuais** (371 unidades rexistradas). Debemos destacar o inicio dun novo proxecto, a adquisición de proxectos de videocreación dos artistas galegos, estándose a tratar coa Escola de Imaxe e Son da Coruña e cos artistas a nivel individual) Tamén cómpre subliñar que o departamento atendeu a un total de 90 investigadores e 310 peticións de documentación desde os diferentes servizos da Deputación e desenvolveu un convenio de colaboración coa UNED para realizar as prácticas do curso de posgrao de "Especialista Universitario en Archivística" organizado pola UNED, en colaboración coa Comunidad de Madrid e a Fundación Carlos de Amberes.

ASISTENCIA TÉCNICA A 35 CONCELLOS

Por outra banda, o Arquivo Provincial puxo en marcha unha colección documental, co nome *Fondo Artistas*, que recolle a actividade dos artistas galegos; adquiriu un novo fondo documental referente á familia Nores de Marín; e desenvolveu un traballo de investigación sobre o estado de conservación e posibles intervencións para o restauro da documentación de montes. Tamén desenvolveu actuacións de organización e descripción do patrimonio documental da provincia, que incluíu a reorganización global dos arquivos municipais de Tui e Nigrán, e a asistencia técnica e reincorporación documental nun total de 35 municipais e tres entidades locais menores. Do mesmo xeito continuou a colección "Patrimonio documental da provincia de Pontevedra" ata o número 61, e xestionou a información técnica e gráfica que se incorporou á páxina web da Deputación (www.depontevedra.es) no referido ó patrimonio documental provincial.

DESINFECTACIÓN E DESRATIZACIÓN DE 42 ARQUIVOS MUNICIPALES

O servizo de Patrimonio Documental continuou coas actuacións de formación e asistencia técnica permanente, coa programación de cursos de formación de persoal das administracións locais sobre arquivos municipais, con especial incidencia en cuestións de utilidade práctica e de aproveitamento real e execución do plan de desinfectación, desinsectación e desratización para arquivos municipais dando continuidade a esta actuación preventiva e terapéutica contra insectos, roedores e parásitos. Este ano actuouse inicialmente nun total de 42 arquivos municipais.

ACTIVIDADES CULTURAIS

O Servizo de Patrimonio Documental participou en diferentes actividades culturais como nas V Xornadas de Xenealoxia, Heráldica e Nobiliaria de Galicia, no IX curso de Conservación e Restauración de documento e obra gráfica en soporte de papel; así como nas feiras do libro. Finalmente, destacar que o departamento desenvolveu diversos procesos técnicos como a catalogación e informatización do fondo Manfred Schwarz adquirido por esta institución; no baleirado das publicacións periódicas do fondo Galicia (xa dispoñible un 60%); na catalogación e informatización do fondo de Galicia [616]; ou no volcado do fondo de Galicia ó catálogo en liña; na actualización da colección Publicacións Oficiais [xaneiro 2005 - decembro 2005]. Tamén estableceu intercambios con outras institucións (Deputación Provincial de

Ourense, Museo Provincial de Lugo, Museo das Peregrinacíons, Instituto José Cornide de Estudios Coruñeses).

Copyright © 2002-2006, Deputación de Pontevedra. Reservados todos os dereitos.
Pazo Deputación Provincial. Avda. Montero Ríos, s/n. - 36071 Pontevedra ES
Teléfono: +34 986 804100 - Fax: +34 986 804124
<http://www.depontevedra.es/>